

SAÚDA ALCALDE DE VIGO

Trípico Paseo Literario Carlos Casares

Vigo é unha cidade permeable e acolledora, a historia así o manifesta. Desde Ourense, e pasando polas terras de Compostela, Carlos Casares, bo amigo e extraordinario literato, escolleu Vigo como a cidade da súa vida, a cidade da súa familia, a cidade do seu traballo, a cidade das súas historias. Desde aquí deixou voar obras que hoxe engrandecen a literatura galega contemporánea.

Igual que o sol ilumina as nosas prazas, igual que a temperada ría baña a nosa costa, a vida e a literatura de Carlos Casares adentráronse no máis profundo da cidade e dos vigueses e viguesas, deixando o seu recordo en todos nós e nas rúas e institucións que este paseo literario desvela e divulga con acerto.

E aínda hoxe, co merecido recoñecemento ao autor polo Día das Letras Galegas de 2017, Carlos Casares continúa a escribir liñas da nosa historia. Aquí, en Vigo, onde temos incontables lugares e motivos para recordar e seguir recordando a Carlos Casares, escritor e amigo.

Abel Caballero

Alcalde de Vigo


Carlos Casares Mouriño (Ourense, 1941-Nigrán, 2002).

Escritor en lingua galega e grande embaixador da nosa cultura. Estivo vinculado coa cidade de Vigo dende os anos 80, como director da Editorial Galaxia, como Padroeiro da Fundación Penzol e principalmente como un cidadán de a pé que se mergullou no día a día da nosa cidade, participando activamente na súa vida cultural. Gozaba coas tertulias no café Goya, os paseos a carón do mar, os cafés no Alameda e sentindo a vida pasar a través do ventanal do seu despacho na rúa Reconquista 1.

Este ano 2017 dedicámoslle as Letras Galegas. O IES Carlos Casares e a cidade de Vigo réndenlle unha homenaxe especial deixando impresas, para sempre, as pegadas de Carlos Casares nas institucións e nos lugares cos que estivo vinculado.

Este Paseo Literario honra a un vigués de adopción que afirmaba que **en Vigo non se presinte a Historia, séntese máis ben a natureza da man da xente.**

PARADA 1: EDITORIAL GALAXIA





PARADA 2: CAFETERÍA VITRUVIA (Cafetería Alameda)



PARADA 3: CAFÉ GOYA



PARADA 4: FUNDACIÓN PENZOL




PARADA 5: EDUARDO BLANCO AMOR



PARADA 6: ÁIVARO CUNQUEIRO





PARADA 7: VERNE E HEMINGWAY



PARADA 8: INSTITUTO SAN TOMÉ DE FREIXEIRO



PARADA 9: FUNDACIÓN CARLOS CASARES



Paseo Literario

Carlos Casares

